



# Fondo solidario de libros de texto e axudas para libros de texto e material escolar

[Orde do 3 de maio 2019]

## Prazo de entrega de solicitudes

- Do **21 de maio ao 21 de xuño**.
- Presentada polos representantes legais do alumnado. Impresos dispoñibles en secretaría e na web.
- Para o alumnado que repita 4º ESO e aquel que non obteña praza en formación profesional básica no curso 2019/20 e formalice a matrícula no curso de ESO que lle corresponda: ábrese o prazo dun mes desde a formalización da matrícula.

## Contía das axudas

- 6 libros e vale para material escolar por valor de 50 € (para renda per cápita familiar igual ou inferior a 5400 €).
- 4 libros (para renda entre 5400 e 9000 € de renda per cápita familiar).

## Devolución dos libros de texto do curso 2018/19

- A devolución dos libros adquiridos coas axudas é imprescindible para ser beneficiario das novas axudas. Tamén se admite a doazón voluntaria doutros libros. O representante legal pode solicitar un documento de recollida de libros.
- Límite de entrega:
  - **21 de xuño** (só materias aprobadas)
  - **4 de setembro** (materias suspensas)
- Publicación das listaxes provisionais de beneficiarios da axuda: **11 de xullo**. Ábrese un período de reclamación de 2 días.
- Publicación das listaxes definitivas: **13 de setembro**.

## Entrega dos libros de texto do curso 2019/20

- A partir do **16 de setembro**

## Datos do centro necesarios para completar a solicitude

- Nome completo: **IES Plurilingüe Pintor Colmeiro**
- Código: **36020350**

---

*Lembre que a normativa sempre prevalece sobre calquera outra información. Este documento contén información de carácter xeral extraída da Orde de 9 de maio de 2018 [DOG do 21 de maio], polo que calquera dúbida se resolverá atendendo ao disposto na normativa vixente.*